

FANTOCHES BAV presenta:

# O asombro

Teatro de obxectos con textos de Uxío Novoneyra


Interpretación dramática: Inacio Vilariño

Interpretación musical: Benxamín Otero



**Distribución:**

[www.urdime.net](http://www.urdime.net) | [info@urdime.net](mailto:info@urdime.net) | T. +34 881940969 | M. +34 679946957 | M. +34 619920335



O **ASOMBRO**, é un espectáculo poético-musical elaborado a partir de textos de Uxío Novoneyra que pretende conmover e achegar a obra do que consideramos un dos mais grandes poetas galegos do século XX.

Con dramaturxia, posta en escea e interpretación de **Inacio Vilariño**, o espectáculo presenta un cruce entre teatro poético e manipulación de obxectos e documental, cun acompañamento musical en directo de **Benxamín Otero** e o apoio dun televisor vello con impactantes imaxes de video que rompe rítmicamente de vez en cando a acción.

O narrador, recitador o “performer”, Inacio Vilariño, encandílanos coas palabras de Novoneyra, cunha rotunda musicalidade que se deixa escoitar con verdadeiro pracer, na mentres crea un suxerinte universo de trazos inscritos con xis branca sobre un taboeiro. Ou mediante unha estudada manipulación de libros que van construíndo ilustracións abstractas das palabras que xurden deles.

**Un espectáculo que ao igual que o título logra asombrar ao público, fascinándoo polo frescor impactante da proposta.**



En Parada do Caurel hai o escano baleiro de Uxío Novoneyra - **James Sacré**

## Unha produción de Fantoches Baj

Partindo da idea de que o teatro de títeres é un poderoso instrumento de contar historias Fantoches Baj non renuncia a ningunha tematica ou forma literaria, pero os seus gustos van sobre todo polas literaturas tradicionais e os discursos poéticos.

O seu director, inacio, gañou en dúas ocasións o premio Barriga Verde de Textos Teatrais nas dúas modalidades de infantil e de adultos cos textos *Auga que non vas beber* e *Fábula Galénica*.

Fantoches Baj é unha compañía creada inicialmente en Portugal por Inacio no ano 2006. Desde aquela o seu campo de interés céntrase no teatro de títeres e obxectos entendidos dunha forma ampla. Desde a proposta mais tradicional dos bonecos de luva e variña, á apertura de outras formas mais contemporáneas do teatro de obxectos como no espectáculo que presentamos, **O Asombro**.





Textos de Uxío Novoneyra extraídos dos libros: *Arrodeos e Desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, 1999. *Onde só queda alguén para aguantar dos nomes*, 1998. *Dos soños teimosos con preguntas de Emilio Araújo*, 1998. *Poemas de doada certeza*, 1994. *Do Courel a Compostela*, 1988. *Muller pra lonxe*, 1986. *Os Eidos 2*, 1979. *Elexias do Caurel e outros poemas*, 1966. *Os Eidos*, 1955.

## Ficha artística e técnica

- **Dirección:** Inacio Vilariño
  - **Composición musical:** Benxamín Otero
  - **Actores músicos:** Inacio Vilariño e Benxamín Otero
  - **Rexistro en vídeo:** Marcos Vilariño e Alberto Quintá
  - **Distribución:** Urdime
- 
- **Duración:** 60 minutos
  - **Público:** Maiores de 12 anos
- 
- **Necesidades técnicas:**
    - Montaxe 2 h., desmontaxe 1 h.
    - Medidas do escenario: boca 3 m. ; alto 3 m. ; fondo 3 m.
    - Potencia eléctrica: 3000W a 220V (en función do espazo)



## Contratación



**Urdime**  
PROPOSTAS CULTURAIS  
PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE

[www.urdime.net](http://www.urdime.net) | [info@urdime.net](mailto:info@urdime.net)  
+34 881940969 | M. +34 679946957 | M. +34 619920335